

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31 DE XANEIRO DE 2022

### 1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1620/2020.

#### Licenza de parcelamento

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 28/10/2021, outorgada ante o Notario, co número de protocolo tres mil cincuenta e dous.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 09/10/2020 e a documentación presentada o 24/01/2022, o parcelamento na Vía Marconi, 19 Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes PARCELAS DE RESULTADO:

*-PARCELA RESULTADO 566 A. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 1013,70 m2s*

*-PARCELA RESULTADO 566 C. Solo Clasificado Urbanizable SUND 24 sin desenvolvemento. Superficie Neta 861,20 m2s*

*-PARCELA RESULTADO RESTO FINCA MATRIZ. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 726,39 m2s*

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00041313V.

#### Licenza de obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 07/09/2021 cun orzamento de execución material de 117.889,20 €, a rehabilitación de edificio entre medianeiras situado na Corredoira das Fraguas, 49 Santiago de Compostela (A Coruña).

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008678E.

#### Licenza obra maior

Acórdase conceder a BD INVERSORA S.L. licenza de obra nova para construción de nave industrial na RÚA DA COMUNIDADE VALENCIANA 17, parcela H1b07c do Polígono da Sionlla segundo Proxecto básico e anexos con data de rexistro de 09/07/2021 e 25/08/2021, cun orzamento de execución material de 297.620,08 €.

As actuacións consistirán na construción de nave industrial con uso no específico de dous plantas, cunha ocupación en planta de 899,93 m<sup>2</sup>, superficie construída de 1.363,79 m<sup>2</sup> e altura de 8,90 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 1. Edificación adosada, Variante 1.B.do Proxecto sectorial da Sionlla.

### 4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00005939C.

#### Licenza obra maior

Acórdase conceder a MERCAGALICIA, S.A. licenza de OBRAS de demolición interior de nave destinada a venda de pescado na RÚA VIA LA CIERVA, 34, segundo Proxecto técnico co visado

do COATAC de data 22/12/2020e anexo asinado con data de 20/07/2021, cun orzamento de execución material de 15.600,67 €, baixo a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde do proxectista.

As actuacións consistirán no vaciado interior de nave de dous plantas, afectando a unha superficie construída de 400 m<sup>2</sup>.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado como sistema xeral (SU-3).

#### **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00048454M.**

##### **Denegar licenza parcelacion**

Acórdase denegar licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto redactado presentado o 28/10/2021, agrupación e posterior parcelación de 2 fincas no Lugar Larañiño Rúa das Pedreiras Santiago de Compostela (A Coruña) por incumprir a normativa urbanística de aplicación xa que o artigo 18 do plan xeral establece que:

*Nas parcelacións e reparcelacións físicas procurarase que a división das fincas **se axuste ás regras de xeometría, orde e uniformidade** para a súa edificación conforme ó Plan, xustificándose debidamente as parcelacións singulares que supoñan excepción das regras.*

*Nas divisións de fincas seguirase a regra de **lindes rectos e normais ás aliñacións oficiais** e procurarase a uniformidade no fraccionamento resultante.*

#### **6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: lap/130/2020.**

##### **Modificación de licenza de obra nova de supermercado na RÚA CASTELA E LEÓN, 39.**

Acórdase conceder a VEGONSA 1939, S,L. a modificación da licenza de obra nova para construción dun SUPERMERCADO, denominación comercial EROSKI, con aparcamento vinculado na RUA CASTELA E LEÓN, 39, parcela I4a02 do Proxecto de reparcelado Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico e de execución modificado con data de visado colexial de 22 e 23 de xullo de 2021 e anexo co visado colexial de 14/01/2020.

As modificacións que se pretenden non modifican a ocupación en planta, a superficie construída, a altura, nin o volume do edificio dedicado a supermercado nin da superficie cuberta do aparcamento, unicamente redúcese a superficie ocupada polo alxibe da instalación de protección contra incendios que pasa a ocupar 24 m<sup>2</sup>.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa *Ordenanza 4. Edificación exenta. Variante 4A do Sectorial do Parque Empresarial de Santiago de Compostela da Sionlla.*

#### **7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00054277D.**

##### **Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas Novas.**

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas Novas, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2020 e decembro de 2021, que supón un incremento relativo do 6,5%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 20 de xaneiro de 2022 no importe mensual de 481,14 € mais IVE (582,18 €), e importe anual de 6.986,16 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 403,88 € para o período do 20/01/2022 ata 31/12/2022 e de 22,60 € para o período 01/01/2023 ata 19/01/2023 que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 040 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR, reservándose estas cantidades en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

## **8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00044472W.**

### **Devolución fianza contrato “Subministro e instalación dunha área de xogos infantís no barrio de Meixonfrío”.**

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *LAPPSET ESPAÑA VR SL*, por importe de 2.399,73 euros para responder do contrato de “Subministro e instalación dunha área de xogos infantís no barrio de Meixonfrío”. CON/25/2016.

## **9. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00004698Q.**

### **Aprobación do procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes e do programa de conciliación de Entroido no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.**

Acórdase:

- 1.- Aprobar o procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.
- 2.- Aprobar o procedemento e prazos de inscrición para o programa de conciliación de Entroido no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.
- 3.- Aprobar a gratuidade do programa.

## **10. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: INCUMPRIMENTOS CON/35/2019.**

### **Rexeitamento da proposta de aceptación do persoal adscrito ao contrato de mantemento e conservación das instalacións do sistema de ordenación de tráfico e do túnel do Hórreo, CON/35/2019, e outras actuacións ao respecto da execución do contrato**

Acórdase:

PRIMEIRO.- REXEITAR os nomeamentos do persoal presentados pola entidade Kapsch Trafficcom Transportation S.A., adxudicataria do contrato CON/5372019 de prestación do Servizo de Mantemento e Conservación dos Sistemas de Control, Regulación e Xestión do Tráfico e do Túnel do Hórreo, en base ás consideracións que se fan constar no informe do Supervisor do Contrato, que se transcriba nesta proposta, por incumprimento das condicións do artigo 27 do Prego de Prescricións Técnicas.

SEGUNDO.- Respecto as actuacións de mantemento e conservación tanto do servizo como do túnel do Hórreo que se relacionan tamén no informe do Supervisor do Contrato, deberán estar executadas con carácter inmediato, pois algunhas delas, como o caso das tomas de terra, poden supoñer un perigo para a cidadanía.

TERCEIRO.- Requirir á entidade adxudicataria que proceda a remitir a documentación necesaria e que se relaciona no informe técnico para poder comprobar no Centro de Control de Tráfico a execución das melloras ofertadas: matriz de vídeo virtual a instalar no Centro de Control de Tráfico e aplicación informática de xestión de incidencias Rosiman, que terían que estar implantadas antes do 31 de decembro de 2021.

CUARTO.- Deberá presentarse un inventario actualizado de tódolos elementos depositados no almacén da entidade, de conformidade coas condicións do prego técnico e a declaración responsable presentada pola entidade e o informe anual (ano 2021) do cumprimento dos obxectivos do mantemento do túnel do Hórreo. Segundo o que se recolle no artigo 23.4 do PPTP.

Para o cumprimento destes requirimentos se concede á entidade un prazo preclusivo de DEZ DÍAS SOLTOS, transcorrido o cal se propondrá a adopción as penalidades legalmente previstas no artigo 25 do Prego de Clausulas Administrativas, tramitándose, no seu caso, o correspondente expediente sancionador, polos incumprimentos nas condicións de execución.

## **11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00003140E.**

### **Dación de conta do Auto recaído no Procedemento Abreviado 154/2020 ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1-**

Dase conta da resolución: Auto 001/2022 do Xulgado Contencioso administrativo nº 1DO 13.01.2022. Procedemento: Procedemento Abreviado 154/2020

Demandante: ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS S.A.

Obxecto: contra decreto do 14.02.2020 que inadmite reclamación de responsabilidade patrimonial  
Contía : 4.570 euros

Previa autorización do concello para a transacción efectuada mediante Decreto do 16.12.2021, o Auto **homologa o acordo acadado entre a aseguradora da actora e a aseguradora codemandada** e dá por rematado o procedemento. Non se fai expresa imposición de custas. Contra o Auto non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Remitilo ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.

#### **12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00003127D.**

**Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 82/2021 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1.**

Dase conta da sentenza 345/2021 do Xulgado do Contencioso nº 1. Procedemento Ordinario 82/2021

Demandante: VIAQUA GESTIÓN DE AGUAS DE GALICIA SAU

Obxecto: Contra Decreto do 5.01.2021 que desestima recurso de reposición presentado contra liquidacións da taxa por utilización privativa ou aproveitamento de dominio público local correspondente aos anos 2016,2017,2018 e 2019.

Contía: 542.915,19 euros

A sentenza, que deueniu firme por efecto da lei, é favorable aos intereses municipais xa que desestima totalmente o recurso. Nela asúmense todos os argumentos expostos pola defensa do concello. Especificamente: que a titularidade pública das redes que xestiona VIAQUA é intrascendente para definir a condición de suxeito pasivo; que non existe incompatibilidade entre o pagamento da taxa e o pago do canon, tal e como indica a recente sentenza STS 193/2021 (Rec 5380/2019) aportada pola defensa do concello e finalmente que non cabe a compensación económica solicitada, ao non resultar probado desequilibrio económico ningún. A sentenza é firme tal e como consta na Dilixencia de Ordenación do 14.01.2022, polo que contra ela non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitila ao Departamento de Tesourería para os efectos do seu coñecemento.

#### **13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00003137L.**

**Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 312/2021 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2.**

Dase conta da sentenza nº 16/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2. Procedemento Abreviado 312/2021

Obxecto: contra sanción por estacionar vehículo en zona de limitación horaria sin distintivo que o autorice

Contía: 60 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais pois á vista do tempo transcorrido entre a data da denuncia (10.02.2020) e o 15.03.2020 e o transcorrido entre o 1 de xuño de 2020 ata o 3.09.2020-*data de incoación do expediente sancionador*- estima prescrita a infracción. Contra dita sentenza non cabe recuso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Tráfico para os efectos da súa execución.

#### **14. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00004699V.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 21 a 27 de xaneiro de 2022.

## URXENCIAS

### **15. Non autorización da ampliación do prazo de execución das obras “Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa dos Concheiros” formulada pola UTE CONCHEIROS 2 o 05/01/2022.**

Acórdase non autorizar a ampliación do prazo de execución das obras “Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa dos Concheiros, formulada pola UTE CONCHEIROS 2 no seu escrito de data 05/01/2022 (nº rexistro: 2022000417), ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP.

### **16. LAP/207/2020. Proposta de Resolución XGL. Rexeitamento dos recursos de reposición contra o acordo de XGL de 29/11/2021.**

Acórdase:

Primeiro: Rexeitar os recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno local do Concello de Santiago de Compostela do 29 de novembro de 2021 polo que se concedeu a CARBURANTES LUGO SL licenza de obras para edificio comercial e unidade de subministro de carburantes desatendida no Paseo de Esvedro-Paseo de Amaia, parcela Z-2A do SUNP-29 de Brandía, ó non desvirtuar as súas alegacións os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recurrido, que se mantén en todos os seus termos.

Segundo: Rexeitar a solicitude de suspensión da execución do acordo recurrido, pola non concurrencia das circunstancias sinaladas no artigo 117.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e, xa que logo, levantar a suspensión producida automaticamente ao beiro do disposto no apartado terceiro do citado artigo.

### **17. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 182/2018 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm.1.**

Dase conta da sentenza nº 388/2021

Demandante: TECNICAS PARA LA RESTAURACION Y CONSTRUCCIONES,

S.A. Obxecto: liquidacións complementarias ICIO e taxas urbanísticas.

A sentenza é desfavorable para o Concello. As liquidacións traen causa na restauración da antiga Curtidoría de Ponte Pedriña de Arriba, Fase II, segundo licenza outorgada á Fundación Laboral de la Construción, propietaria do inmovible; e foron xiradas á demandante na súa condición de “substituto do contribuínte”, é dicir empresa contratada polo Consorcio de Santiago para executar aquela Fase II.

A demandante pretendía, en primeiro lugar, que as liquidacións fosen xiradas á Fundación, como propietaria do inmovible. Ademais, a Fundación tiña recoñecido un crédito ao seu favor, por parte do Concello, polas diferenzas resultantes na execución da Fase I. Polo que tiña solicitado unha compensación co endebedado pola Fase II. Así, por Decreto da Concellaría, do 23.10.2018, estimouse a pretensión, ordenándose a compensación, con devolución do restante.

Á vista dos feitos, a defensa municipal tentou unha satisfacción extraprocesual sen custas; pretensión rexeitada polo Xulgado ao existir resolucións contra a actora, as liquidacións complementarias, que son en puridade o obxecto do proceso, e sobre as que o órgano xudicial debe pronunciarse, estimando o recurso e condenando en custas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase non recorrer a sentenza.

### **18. Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no AP 4135/2021 TSX PO 265/2018 CA2 .**

Dase conta da sentenza AP 4135/2021 TSX, PO 265/2018 CA2

Obxecto: denegación licenza de legalización de local de negocio.

A sentenza é favorable para o Concello. A demandante tiña solicitada licenza para obras e actividade nun local da Rúa Preguntoiro. A solicitude foi informada desfavorablemente polos técnicos de urbanismo. E denegada.

Tempo despois, executadas as obras e iniciada a actividade, a demandante presenta solicitude de licenza para legalización das mesmas, alegando que as deficiencias técnicas do primeiro expediente estaban emendadas. Sen embargo, no informe técnico recóllese que algunhas delas seguen igual; ademais de aparecer unas actuacións non autorizadas dende o punto de vista patrimonial, sinaladamente a escavación no baixo e o rebaixe da porta de acceso para acadar a altura mínima. Polo que esta segunda licenza tamén foi denegada.

O TSX rexeita os argumentos de apelación. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación. Por dilixencia de ordenación, do 05.01.2022, confírmase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e disciplina para o seu coñecemento.